

A CANICA DE MÓNICA E QUICO

É de día. Quico sae da súa cama e Mónica salta nela.

Quico e Mónica poñen a camiseta, o pantalón e as sandalias.

Quico ten unha canica.

- Pásaa Quico, aquí, aquí...


- E a canica?

- Oh! Non está!



Pecas escondeu a canica no pastel de coco.

Unha mosca come o pastel e...é a canica dos peques!



Un mosquito pica a Pecas.

Ai, ai! Como pica este mosquito!



Pecas escápase.

A mosca e o mosquito sopran o pastel e sacan a canica.

Que contentos están Mónica e Quico, a mosca e o mosquito!



Completa as seguintes frases:

- Mónica salta da _____.
- Quico ten unha _____.
- Unha _____ come o pastel.
- Pecas esconde a canica na tarta de _____.
- O _____ pica a Pecas.

Contesta as seguintes preguntas:

- Con que estaban xogando Quico e Mónica? _____
- Quen escondeu a canica?

- Quen axudou á mosca a recuperar a canica? _____